MARZO 07 TEMPOS NOVOS

T 118

REVISTA MENSUAL
DE INFORMACIÓN
PARA O DEBATE
4 €

**Dossier** O urbanismo e as raíces do mal
Iago Martínez, Salvador Parga, María Leboreiro

**Entrevistas** Javier Alfaya, Alberto Ruíz de Samaniego, Lidia Senra, Marielle de Sarnez

**Cultura** Música de quiosco



Na perspectiva do ano 2050

# COMO SERÁ A GALICIA DO CAMBIO CLIMÁTICO

8



16





51



64

87





# SUMARIO

TEMPOS NOVOS
NÚMERO 118
MARZO 2007

3 **Obertura**
**Os feminismos están vivos.** Carmen Blanco

6 **Días soltos** Bieito Iglesias

8 **Todo é peixe** **Esa pedra non ta a nivel, rapás!** Leo F. Campos
10 **Tendencias.** Tareixa Barberena
12 **Entrevista a Alexandre García-Caballero.** Diego Ameixeiras

14 **Editoriais** **Xogan con lume**
15 **A lingua no ensino**
**Produtivismo e desorde do clima**

16 **En foco**
INVESTIGACIÓN. **Perante a treboada do clima.** Aurelio Castro

30 **Entrevista** Javier Alfaya. ***O centralismo delirante, borbónico, que vén do s. XVIII, xa non vale.***
Iago Martínez

36 **Carta de axuste** Luís Álvarez Pousa.

39 **As claves**
POLÍTICA. **Vésperas municipais: entre banco e banqueta.** Justo Beramendi
43 ECOLOXÍA. **Agora podemos salvar o Courel.** Orlando Álvarez
45 ECONOMÍA. **A cultura e a economía do viño.** Carlos Bouzada

48 **Tres en raia** **Alcohol e mocidade.** Xan Bouzada, Eva Garea, Alexandre Pereira

51 **Dossier TN.** **URBANISMO: AS RAÍCES DO MAL**
**Val Miñor: o urbanismo da sospeita.** Iago Martínez



30



39






97

104




# SUMARIO


**55 Alternativas nun proceso en transición.** Salvador Parga
**58 Todo un reto para os cidadáns.** María A. Leboreiro Amaro

62 **¡Guau Guau!** Humor gráfico de Xaquín Marín, Xosé Lois, Lola, Pepe Carreiro, Abraham Carreiro

64 **Entreculturas** REPORTAXE **Música de quiosco.** Iago Martínez
**70** ENTREVISTA. Alberto Ruiz de Samaniego, ***Necesitamos converter o deserto do real na alegría do suceder.*** Xosé Manuel Lens
**75** CRÓNICA DESDE MADRID. **ARCO '07: paneis en tránsito.** X. M. L.

78 **Crítica** CINE/TV. Daniel Domínguez
**80** MÚSICA. Iago Martínez, Xosé Bocixa
**82** ARTE. Xosé Manuel Lens.
**84** LIBROS. Xosé Fortes, Roberto López-Iglesias
**86** TEATRO. Inma López Silva

87 **Redes cívicas** **Arquoloxía industrial do estado mínimo.** Manuel M. Barreiro
**88 Galiza vaivén.** Marcos Lorenzo
**89 Dende os feminismos: debates de actualidade.** Concha Fernández, Belén Puñal
**92** ENTREVISTA. Lidia Senra, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego. ***Estamos a dar batalla para que se recoñeza a titularidade compartida.*** Concha Fernández
**94** A DÚAS BANDAS. **FEMINISMO HOXE.** María Xosé Agra, Lupe Ces
**95 Galiza On.** Landras, música e carteis

97 **Espiral innovadora** **A discriminación da muller na ciencia.** Xosé A. Álvarez, Jorge J. Pérez
**99 A Galipedia. O coñecemento en galego.** Óscar Reboiras
**101 ENTREVISTA. Marielle de Samez, autora do Informe Europeo sobre a protección da infancia en internet.** Mariola Moreno

104 **Sen corsé** María Reimóndez, Montse Gutiérrez

**María Reimóndez** Texto
**Montse Gutiérrez** Ilustración



# A música dos seres vivos

MK mira a G de fite en fite.

-Nunca cansades diso? De estereotipar, quero dicir. Que se os negros a teñen grande, que se o sexo oriental, que é iso?... a min tócame o kama sutra?

G ri. Ri porque entende o que lle di. A G non lle fai falta a pel tamil de MK para entender.

-Ti, claro, como non tes corpo, non podes entendelo –MK nunca pensou que podería sentirse tan preto de alguén a quen non lle gusta a música especialmente, que non a leva debaixo da pel. Por iso deu en dicir de broma que G non ten corpo. A G non lle gusta bailar. A G por non gustarlle non lle gusta nin o contacto físico. Mais entende o que é a rotación e a translación. Entende o que é sentirse preto da terra. E así é como se sente na casa de MK, no sofá, sen zapatos nin calcetíns.

-É a necesidade de sentirse.. on an equal footing –e con esas palabras MK tócalle lixeiramente o pé. E G observa un intre as pestanas longas de MK e o perfil deliñado da súa cara. G, que planta árbores clandestinas alá onde atopa un anaco de terra minimamente profundo na cidade, sente a atracción súpeta pero segura das raíces que avanzan cara ao centro da gravidade. Sente o impulso de tocar a MK e sen poder evitalo e ponlle a man na meixela. A sorpresa avanza polos ollos de MK en *adi talam*. Sente de socate como aquela vez que decidiu introducir no sampler a música que os coches teñen para dar marcha atrás na súa cidade, na que naceu. E fixa en G os seus ollos como estudando unha orquestración ou perseguindo un solo de Coltrane. Ve unha pregunta, unha incerteza, e non sabe como contestala. Pero sente o que esa man (e ese pé) lle transmiten, unha dozura que derrete o peito co son da *tabla*, latexando. G non pode evitar sentir a reverberación dos sons que emana o corpo de MK e deixa que a súa man lle baixe pola meixela, como perseguindo a póla dunha bidueira suave e branda, sempre a carón dun río. E o río é MK que entrepecha que se achega demasiado preto e lle bica os labios. Dentro de G un mundo ignoto toma vida, como a transformación dos seres unicelulares, dos peixes aos anfibios, dunha única masa terrestre aos cinco continentes. MK rózalle os beizos coa lingua suavemente e busca nalgún instrumento de vento tal suavidade pero non a atopa. Así que prefire abrazar a G forte coas mans a percorrerlle as costas coma o mastro dunha *veena* porque quere máis, quere sacarlle sons, quere que baile, quere que sexa música, que teña corpo. G, mesmo se non o sabe, é a música dos volcáns.


MK
G
MK
G
G
MK